

**MEMORIA CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E
FACENDA**

“Orzamento 2016”

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INTRODUCCIÓN

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Concellaría de Facenda presenta o Proxecto de Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución para o exercicio económico de 2016.

En cumprimento do preceptuado no artigo 166.1. do TRLRHL, que obriga á presentación da consolidación do Orzamento Xeral da Entidade co dos seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís, móstrase aquí o detalle do Orzamento consolidado, integrado polo Orzamento do propio Concello, o do Auditorio de Galicia e polos estados de previsión de ingresos e gastos das Sociedades mercantís cuxo capital pertence integramente ao Concello, TUSSA e INCOLSA.

Con este Estado de consolidación, confeccionado segundo o establecido nos artigos 115 a 118 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, trátase de harmonizar nun Orzamento único, todos os orzamentos que integran o Orzamento Xeral, coa finalidade de proporcionar unha visión de conxunto da actividade económica prevista pola Entidade Local.

Nesta Memoria explícase o marco económico-financeiro no que se encadra o Orzamento consolidado correspondente ao exercicio 2016 así como as modificacións máis esenciais que foron introducidas con respecto ao exercicio anterior.

O total do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela, integrado polo orzamento do propio Concello, o organismo autónomo do Auditorio de Galicia, e os das sociedades mercantís, INCOLSA e TUSSA, consolidado ascende a un total consolidado de ascende **102.780.027,00** euros en ingresos, e **102.750.788,83** euros en gastos, resultando un superávit de **29.238,17** euros.

Dado o equilibrio orzamentario entre ingresos e gastos nas contas do Concello e do Auditorio de Galicia, o superávit provén da suma dos saldos orzamentarios das empresas municipais INCOLSA e TUSSA.

O orzamento do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia apróbase equilibrado polo importe de **2.369.067,78** euros.

Os estados de previsión de gastos e ingresos da Sociedade Mercantil INCOLSA, cuxo capital pertence integramente ao Concello de Santiago de Compostela, por importe, en termos homoxéneos da contabilidade orzamentaria municipal, de **2.939.538,90** euros en gastos e **2.968.777,07** euros en ingresos.

Os estados de previsión de gastos e ingresos da Sociedade Mercantil TUSSA, cuxo capital pertence integramente ao Concello de Santiago de Compostela, por importe, en termos homoxéneos da contabilidade orzamentaria municipal, de **1.483.022,56** euros en gastos e **1.483.022,56** euros en ingresos

ESCENARIO MACROECONÓMICO

O orzamento do exercicio 2016 enmárcase nun contexto de lenta recuperación das grandes cifras macroeconómicas tras un longo período de recesión económica. Porén, a recuperación só o é para unha faixa da poboación que representa aproximadamente un terzo da poboación, sendo a tónica xeral para a maioría da cidadanía o estancamento ou a perda de poder adquisitivo e riqueza. Todo iso reflíctese nun alargamento das desigualdades sociais que, á marxe de consideracións morais ou ideolóxicas, supón unha pexa enorme para o desenvolvemento económico. O crecemento dos exercicios máis recentes concéntrase só nunha parte do tecido socioeconómico, manténdose as fendas de renda, emprego e benestar que castigaron e castigan ás capas máis desfavorecidas da sociedade, e en especial á mocidade e ás mulleres.

O escenario económico complétase cun empeoramento das expectativas de crecemento a nivel mundial e europeo. A experiencia demostra se segue con atraso os ciclos europeo e mundial, debido a un modelo produtivo altamente dependente do turismo que se orixina

nos países máis desenvolvidos. O enfriamento da economía nos países centrais europeos acabará por limitar a capacidade de crecemento da economía española. De feito, as principais institucións que elaboran previsións macroeconómicas comezaron a reducir unhas cifras que até hai poucos trimestres non deixaban de medrar en cada nova revisión.

Así, o orzamento do 2016 caracterízase por:

- Uns orzamentos cunha redución de ingresos, principalmente no IBI e no imposto de vehículos, resultado da modificación das ordenanzas fiscais. No ICIO e nas licencias urbanísticas axustando as previsións a recadación dos últimos anos. Así, como unha baixada na participación dos tributos do Estado e unha conxelación das taxas locais.
- Uns orzamentos con unha clara aposta polo social, cun incremento dun 35% na área de gastos de benestar social. Sendo a Concellería que máis crece, xunto co departamento de Emprego, que se incrementa ata os 2 millóns de euros.
- * Nun marco de recursos económicos limitados os aumento nas partidas de gasto dedicadas a políticas sociais compénsanse nunha racionalización das partidas orzamentarias a outros gastos diversos, publicidade e protocolo, mantendo dito gasto nos niveis razoables que permitan difundir a actividade municipal ordinaria ao longo do ano e atender de igual forma os eventos de representación institucional sen incorrer en gastos superfluos.
- Unha aposta firme polos dereitos laborais, recollendo no capítulo I, demandas de moitos anos das diferentes representacións sindicais.
- Un orzamento que cumpre os parámetros da estabilidade e regra do gasto.

O orzamento do 2016 rompe coas liñas de orzamentos anteriores, marcando unha diferenza importante de incremento en áreas sensibles, aumentando o investimento social e de reequilibrio territorial.

UN ORZAMENTO SOCIAL PARA QUEN MÁIS O PRECISA

Os Orzamentos de Santiago de Compostela para o ano 2016 caracterízanse por un cambio de orientación do gasto cualitativa e cuantitativamente sen precedentes. Malia á complexidade da situación derivada das restricións legais e financeiras existentes o documento orzamentario establece unha nova distribución do gasto público municipal.


Planifícase así unha reorientación dos Orzamentos cara o gasto corrente, apostando de forma decidida por tres grandes eixos de actuación:

- Gasto social
- Equilibrio territorial
- Mantemento

GASTO SOCIAL

Desde que se implantou a nova clasificación contable de funcións de gasto, adaptación á Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, as cifras orzamentarias reflicten un crecemento nos recursos orientados ao ámbito social (área de gasto 2: Actuacións de promoción e protección social) até acadar o seu nivel histórico máximo.

Evolución do gasto social



Área de gasto	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
2	4.451.917 €	4.129.800 €	3.930.272 €		6.216.071 €	6.835.090 €	8.438.291,69 €

O crecemento en 2016 a respecto do exercicio precedente é do 23,5%, porcentaxe que aumenta até o 114% se o comparamos co primeiro orzamento do mandato anterior (ano 2012), o que significa máis que duplicar aquela cantidade.

Os 8,4 millóns de euros destinados a políticas sociais supoñen arredor de 88 € por habitante e ano, unha *ratio* que tamén acadada o seu máximo histórico. O dato sitúa a Santiago de Compostela por vez primeira por riba das medias dos concellos galegos e estatais neste ámbito.

Os aumentos de gasto para políticas sociais céntranse nas accións seguintes:

- Plano de Rescate Social de 1,5 millóns de euros.
- Ordenanza de axudas a persoas en risco de exclusión social e atención ás persoas sen teito.
- A primeira anualidade do Centro de Acollida de Persoas sen Teito (proxecto plurianual vinculado a fondos europeos).
- Ordenanza de axudas para alugueiros de vivenda de gastos de habitabilidade. (140.000 euros)

- Convenio de saúde-bucondental. (70.000 euros)
- Ampliación das bolsas de comedores escolares (ás que se dedican 65.000 euros máis que en 2015, até totalizar 200.000 euros).
- Creación dunha bolsa para material escolar e actividades de conciliación (100.000 euros)
- Axudas á dependencia (que se incrementan en 340.000 até totalizar 1,3 millóns), que garantan a prestación dun servizo de axuda no fogar a todas as persoas dependentes do concello, e a creación dunha Escola de Saúde e Envellecemento Activo para a terceira idade.
- Renovación e ampliación dos convenios coas asociacións de Compostela que despregan equipos de rúa para traballar coas persoas sen teito ou lles facilitan vivenda, e cos colectivos que prestan servizos de asesoran xurídica e acompañan psicolóxicamente ás persoas afectadas por desafiuzamentos.
- Un 0,2% do orzamento municipal destinado a políticas de cooperación e o desenvolvemento, emigración e inmigración, que se materializarán nun Plano Municipal de Cooperación e na primeira convocatoria municipal de axudas ás ONG.

Con ese mesmo carácter social os Orzamentos prevén despregar un abano de políticas activas de emprego ao que se destinará 2.158.465,81, en torno a 500.000 euros máis que nos Orzamentos precedentes. Esta política de gasto abrangue accións formativas dirixidas a todo tipo de públicos pero con especial atención a colectivos en risco de exclusión, e contéplanse por vez primeira accións específicas dirixidas á economía social e á compra pública ética, a través de diversos programas como o Pacto Local polo Emprego (500.000 euros), Obradoiro de Emprego Ecotur Xuvenil I, Ecotur Xuvenil II, Obradoiro de Emprego “EcoRural Santiago”, Programa de Formación “Pedra Castro”, Programa Integrado “Emprego Santiago IV”, Programa Integrado “Emprego Santiago V”, Programa de Formación AFD/2016-cursos de formación, Programa de Axentes de Emprego, e Programa de Orientación Laboral, foro de emprego, e programa de contratación persoal RISGA, entre outras accións formativas para contribuír a políticas activas de emprego no Concello de Santiago.

REEQUILIBRIO TERRITORIAL

Santiago de Compostela é un Concello con barrios e núcleos de poboación que forman unha rede distribuída, cunha importante extensión da mancha urbana e un amplo espazo de territorio rural.

Os Orzamentos de 2016 inverten a tendencia dos últimos anos a focalizar o investimento no centro urbano, e unha mostra da descentralización no gasto dana os recursos destinados ao medio rural, ás parroquias: o gasto neste ámbito pasa de 1 millón a 2 millóns de euros, duplicándose por tanto o orzamento do exercicio precedente. A diferenza de anos anteriores, os fondos da deputación POS e PAS, son adicados de forma íntegra ao rural.

Con este esforzo orzamentario perséguese ampliar a dotación de servizos naquelas áreas en que son inexistentes ou deficitarios, acometendo dentro dos recursos dispoñibles aquelas accións máis urxentes:

- A recuperación de pavimentos en Vilvestro, O Eixo, Aríns, Busto ou Marantes.
- O abastecemento de auga á Sionlla de abaixo (a través de fondos da Deputación provincial, que neste exercicio se reconducen á zona rural en vez de executarse no núcleo urbano).
- A primeira fase das obras de mellora do vial da Cañoteira, en Marrozos.
- Melloras no alumeadado público.
- Incorporase como investimento plurianual financiado con de forma íntegra con recursos públicos a instalación de sinalética no rural, cunha contía de 40.000 euros na anualidade 2016 e 80.000 euros na anualidade 2017.

MANTEMENTO

Os Orzamentos tamén prestan atención especial ao mantemento urxente das infraestruturas e equipamentos públicos, que se atopan enormemente deterioradas tras varios anos de desatención.

O documento orzamentario prevé ordenar e planificar os contratos de mantemento para conservar en boas condicións os espazos e vías públicas, destinando a tal fin 1.1 millón de euros, o dobre que no Orzamento de 2015.

INVESTINDO NA COMPOSTELA QUE QUEREMOS

Os Orzamentos de Santiago de Compostela para os investimentos seguiron criterios sociais, e de reflexar demandas veciñais:

- A Remodelación do pavillón polideportivo do CEIP Apóstolo Santiago (ao que se destinan 300 mil euros).
- As expropiación das SUNP 37 e 38 para o enlace da orbital (700 mil euros) e para a estación intermodal (165.677 mil euros).
- Aparcadoiro en superficie nunha parcela da Avda. de Ferrol no barrio de Conxo, demanda da veciñanza do barrio e do tecido asociativo e comercial. (110.000 euros)
- Instalación e remodelacións de parques de xogos (Meixonfrío e Pontepedriña)
- Remodelación dos parques de xogo de 4 dos 16 CEIP existentes na cidade no que é a primeira anualidade dunha planificación para todo o mandato.
- Incremento nas axudas á rehabilitación nos ARIS, que teñen como obxectivo subvencionar actuacións nos inmobles para dotalos de accesos adecuados para as persoas con discapacidade ou mobilidade reducida.

- Renovación de Cubertas en Instalacións deportivas (100.000 euros)

O Orzamento inclúe tamén varios proxectos vinculados á concesión de fondos europeos a través da convocatoria POCS, cuxa candidatura foi aprobada polo Pleno do Concello e presentada no Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas a comezos do mes de xaneiro de 2016.

A Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado no que se basea a relación de actuacións presentada inclúe entre outras a primeira anualidade das accións seguintes:

- Plano para a instalación de ascensores en edificios dos barrios máis desfavorecidos da cidade. 300.000
- Obras de recuperación das rúas Patio de Madres e Castrón d'Ouro. 250.000
- Acondicionamento de rutas na canle do río Sarela entre Carme de Abaixo e ata o Sar 130.000 euros
- Mellora dos accesos ao Parque de Belvís e adecuación funcional da Casa da Xuventude. 120.800 euros
- Plataforma smartcity para RSU, limpeza viaria, mobilidade e eficiencia enerxética. 224.640 euros

Outros investimentos significativos son:

- Procesos de implantación de Modernización e de Administración Electrónica. 134.330 euros
- Repavimentación da rúa Vilagarcía: 61.780 euros
- Mellora da mobilidade no Barrio de Vista Alegre: 1.689.473,47 euros
- Edificación para a asociación de veciños de Vite de Arriba 39.300,01 euros
- Climatización e renovación do aire no centro Xove de creación cultural. 30.000 euros

Por último, en relación ao capítulo I incorpóranse demandas dos traballadores e traballadoras municipais, unha promoción interna que recolle o acordado no convenio regulador, así como a recuperación en parte da oferta de emprego do ano 2010.

- Incremento na partida destinada a acción social en 450.000 euros.
- Dotación dunha partida para o pago da $\frac{1}{2}$ da paga extra do 2012 de importe de 635.296,13.
- Incremento a 80.000 euros na aplicación orzamentaria para Formación do Persoal Municipal.
- 266.901,00 para 112 prazas de promoción interna.

INFORMACIÓN DE CARACTER ORZAMENTARIO. INGRESOS.


No Orzamento para 2016 se reflexa unha tendencia á minoración dos ingresos propios, reiteradamente advertida polo órgano interventor municipal, xerando un desequilibrio entre os recursos dispoñibles e os gastos necesarios para o mantemento dos servizos públicos demandando pola veciñanza. Este estancamento ou decrecemento relativos dos ingresos está motivado por tres factores:

- Unha minoración do esforzo fiscal.
- As reducións e as bonificacións aprobadas nas Ordenanzas Fiscais para o ano 2016 en varias das figuras impositivas de máis importantes.
- O descenso na Participación nos Ingresos do Estado


A evolución negativa que os ingresos do Concello de Santiago de Compostela limita a marxe para atender ás demandas cidadás e para aumentar o gasto corrente, do cal derívanse a consecuencia do recurso ao endebedamento para sufragar obras de investimento.


As estatísticas oficiais do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas amosan que, en termos evolutivos desde 2005 a 2015, Santiago de Compostela figura á cola das 7 cidades na evolución dos ingresos propios, tanto nos contemplados nos orzamentos iniciais como nas liquidacións dos exercicios contables comprendidos nese período. Non se trata por tanto dunha situación inducida pola crise económica do período 2008-2013 senón de un fenómeno que se deu tamén nos anos precedentes e subseguintes, amosando unha renuncia a manter como mínimo a senda de crecemento nominal dos ingresos que se pode apreciar no conxunto da Galicia urbana. E provocando, como recollen diferentes informes da intervención municipal, unha diminución da capacidade de aforro.

Evolution dos ingresos propios nos Orzamentos
Índice do ano 2005 = 100



Evolution dos ingresos propios nas Liquidacións
Índice do ano 2005 = 100





Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Oficina virtual para la coordinación financiera con las entidades locales.

Como aspecto positivo cabe advertir que as cifras de orzamentos e liquidacións do Concello de Santiago de Compostela apuntan a un axuste razoábel entre previsión e realidade nos tres últimos exercicios con liquidación aprobada(2012-2014).

A análise das mesmas cifras permite observar, ademais, que no conxunto das sete cidades galegas os ingresos realmente realizados superaron levemente ás previsións orzamentarias na maior parte do período, con excepción dos dous anos en que se rexistraron maiores retrocesos no PIB (2009 e 2011).


Perante as estreiteces en materia de ingresos propios o Goberno Municipal adoptou varias medidas que pretenden mellorar a eficacia e a eficiencia da fiscalidade existente. Así, o Concello elaborou un Plano de Control Tributario para o ano 2016 e asinou un convenio de regularización catastral coa finalidade de compensar a escaseza de ingresos pola vía da loita contra a fraude, considerando un mecanismo para garantir a equidade e xustiza da política fiscal municipal.

ENDEBEDAMENTO

O 35% do saldo vivo da débeda municipal provén de operacións subscritas con anterioridade á recesión económica, e o 22% do total orixináronse no ano 2000. Isto é indicativo, por un lado, das raíces históricas do nivel de endebedamento do Concello, que nos remite a unha época de transformacións urbanas de grande calado que se basearon tanto nun nivel de esforzo fiscal máis elevado como no recurso á débeda.

No Orzamento de 2016 a débeda e o custo da débeda suman case 10 millóns de euros, 9 millóns no capítulo 9 e 1 no capítulo 5, en suma preto dun 10% do volume total de recursos do Concello.

Esta cantidade derívase fundamentalmente do Plano de Débeda aprobado en 2015 polo Goberno anterior. Os case 10 millóns de euros destinados á débeda no Orzamento do 2016 supoñen en todo caso unha cantidade inferior aos 12,3 millóns de euros previstos no Orzamento de 2012. En relación ao conxunto de urbes galegas Santiago de Compostela reduciu o nivel de endebedamento en maior medida, ampliando así o potencial de endebedamento para este e vindeiros exercicios.



Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Oficina virtual de entidades locales.

É por esta capacidade de endebedamento e polo baixo nivel dos tipos de xuro, actualmente nos seus valores mínimos de toda a era euro, que o Orzamento de 2016 prevé o concerto dunha operación de crédito por valor de 5,3 millóns de euros, co fin de sufragar investimento público e contribuír a dinamizar a actividade económica no ámbito da cidade. A cifra non esgota a capacidade de endebedamento municipal e non compromete a hipotética asunción de novas obrigas.

En todo caso o nivel de endebedamento municipal previsto sitúase dentro dos límites legais admisibles que garanten a estabilidade financeira

ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

O goberno municipal aposta por estender a participación cidadá do tecido social de Compostela elaborando os primeiros Orzamentos Participativos da historia do Concello.

Como primeiro chanzo desta forma de democracia participativa levouse adiante durante o outono de 2015 unha primeira experiencia neste sentido, co horizonte de desenvolver un proceso de Orzamentos Participativos xeral durante o ano 2016 e poder así incorporar as demandas da cidadanía nos Orzamentos de 2017.

Como resultado do proxecto piloto de Orzamentos Participativos da mocidade compostelá que se desenvolveu nos meses de outubro e novembro de 2015, os Orzamentos municipais para o exercicio 2016 inclúen 100.000 euros en actividades xuvenís cuxo destino concreto foi elixido de forma directa polos mozos e mozas da cidade de 16 a 35 anos, tanto os residentes como os vinculados a Compostela por razón da súa condición de estudantes universitarios.

O proceso de participación xuvenil contou co concurso de 200 mozos e mozas que debateron e votaron un total de 48 propostas. Ao longo de 2016 o departamento municipal de mocidade analizará a viabilidade económica e operativa da relación ordenada e priorizada de actividades para incorporalas á súa programación.

Para os primeiros meses de 2016 está prevista a convocatoria dun Consello de Relacións Veciñais no que se presentará a proposta de Orzamentos Participativos para o ano 2016, que permitirá á cidadanía compostelá decidir sobre o destino dunha parte importante do orzamento municipal, ademais de dar continuidade ao proceso de orzamentos da mocidade para a elección de actividades.

No informe económico-financiero que se achega como Anexo ao Orzamento explícanse dun xeito detallado as principais modificacións e se establece unha comparativa con respecto ao exercicio anterior,

Santiago de Compostela, 29 de Febreiro de 2016,

A concelleira delegada de Economía e Facenda

María Rozas Pérez